

Alfredo ERIAS

«Xente no Camiño»
e máis aló



XENTE NO CAMIÑO

De súpeto, entre a follaxe dun vieiro de Presedo, avanza un home de cabeleira gris e xesto reflexivo, cargando ó lombo un saco de leña e un coello. Na casa agarda a muller e os fillos, nimbados por unha atmosfera verde mariña, ás veces violácea, alustrada por algún agromo de luz. Hai un profundo aroma a leña. A pequena dose de ilusión do cazador, do labrego que soña con pintar ceos, lousas, mortos. Amantes eternos coas mans serenamente dispostas no peito.

O retorno ó verdor dos montes, á lama embriagada pola dozura das vacas preñadas, á Galiza medieval, invisible para moitos, presente na alma do pintor. Nel converxen os ancestros que atravesaron os camiños sementándoos de arte.

Así recenden os cadros de Alfredo Erias, a historia viva perturbándonos en cada recuncho. O amor máis alá da morte das parellas repousando no seu último e pétreo leito, a sexualidade expresa, a caza, a soidade maxestuosa da torre. Representacións habituais na abondosa e fértil arte medieval galega, descoñecida ou ignorada á mantenta por vástagos desagradecidos. Rescatada por Erias.

Chega o home da cabeleira cincenta á casa, pousa o saco de leña no chan, o coello na mesa, e senta a carón do lume. Nese intre, ollando a chama que estoura en charamuscas, soa inconfundible a pintura de Alfredo Erias, como un bocado de terra.

Diana Varela Puñal



Burgueses da Coruña.



Matrimonio da Coruña («Maior Dominges» e un notario).



Afonso de Carvalido e a súa dona, Clara Sanches.



Cacería do porco bravo nas Mariñas de Betanzos (II).



Fernán Pérez de Andrade «o bo».



Fernán Díaz de Ribadeneira «o vello» (Lugo).



Pero Fernandes de Párega, alabardeiro de Betanzos, e a súa dona.



Acróbatas.

Alfredo Erias Martínez é arquivista-bibliotecario do concello de Betanzos, director do Museo das Mariñas e do **Anuario Brigantino**. Tamén é coordinador xeral de **Restauro: revista internacional del Patrimonio Histórico**. Ademais é pintor, debuxante e gravador.

-Fundou no 1997, con M^a Teresa Garea, a editorial Briga Edicións SC e nela publicou a colección **Debuxos de Galicia: I.- Betanzos; II.- Cruceiros; III.- Caza medieval; IV.- Músicos do Pórtico da Gloria; V.- Cabaleiros**

É autor de varios libros e numerosos traballos de investigación. Neste senso, relaciónanse aquí os relativos á arte medieval galega por estar directamente conectados coa mostra de pintura «**Xente no Camiño**» e cos centos de debuxos arqueolóxicos que ten realizado sobre a imaxe dos galegos na Idade Media.

-«Afonso de Carvallido: un «mercador» betanceiro do s. XV cabecilla dos irmandiños» (*Anuario Brigantino* 1984).

-«Xente da Baixa Idade Media (I): sete mulleres con rolo» (*Anuario Brigantino* 1987).

-«Xente da Baixa Idade Media (II)» (*Anuario Brigantino* 1988).

-«Xente da Baixa Idade Media (III): Sancha Rodríguez, muller de Andrade, e Nuño Freire, Mestre de Christus» (*Anuario Brigantino* 1991).

-«Xente da Baixa Idade Media (IV): Un Santiago Pelegrín, notarios, xurados e outros máis de Betanzos» (*Anuario Brigantino* 1992).

-«Santiago peregrino [de Betanzos, s. XIV]» (Catálogo da exposición *Santiago Camino de Europa: Culto y Cultura en la Peregrinación a Compostela, Galicia no Tempo*, 1993).

-«As laudas sepulcrais de San Francisco da Coruña (I). (En colaboración con Xan Vázquez)» (*Anuario Brigantino* 1994).

-«As laudas sepulcrais de San Francisco da Coruña (II). (En colaboración con Xan Vázquez)» (*Anuario Brigantino* 1998).

-«La eterna caza del jabalí» (*Anuario Brigantino* 1999, nº 22).

-«El jabalí dios y el jabalí demonio en los sepulcros galaicoportugueses del siglo XIV» (Actas do Congreso, *La caza en la edad media*, Universidad de Valladolid, 2002).

-«O calendario medieval da igrexa de Santa María do Azougue: un achegamento ás súas imaxes» (*Anuario Brigantino* 2004, nº 27).

-«Un tema iconográfico da Idade Media: a caza do porco bravo». Actas do *II Simposio de Estudios Humanísticos (De culturas, lenguas y tradiciones)*. Universidade da Coruña, 2006.

-«A conformación dunha moda burguesa na Galicia baixomedieval segundo a escultura funeraria». Catálogo da exposición: *Os capítulos da Irmandade: Peregrinación e conflito social na Galicia do século XV*. Xunta de Galicia, Consellería de Innovación e Industria, 2006.

-«Na igrexa de San Francisco de Betanzos: unha representación cósmica do ano, restos dun calendario agrícola, algúns artesáns e retratos dos Andrade» (*Anuario Brigantino* 2008).

-«O home que vomita ramas (*green man* ou home verde, Santiago o Verde...), e algunhas figuras de resucitados da Galicia Medieval: reflexións a partir dalgúns casos» (*Anuario Brigantino* 2009).

-«Vinganza heráldica contra Fernán Pérez de Andrade» (*Anuario Brigantino* 2009).

MOSTRAS INDIVIDUAIS

Desde que no 1977 fixo a primeira mostra no Antigo Hospital de San Antonio de Betanzos, espuxo na Sala do Ministerio de Cultura en Santiago (1980), no Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia en Betanzos (1997, 1998) e en moitas outras salas, das que se poden subliñar:

- 1998, Museu da Região Flaviense, de Chaves (Portugal).
- 1999, Centro Galego de Madrid.
- 1999, Biblioteca Pública «Miguel González Garcés» da Coruña, organizada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.
- 1999, «Sala Teucro» de Pontevedra, organizada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.
- 1999, Ateneo de Ourense, organizada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.
- 1999, Biblioteca Pública Provincial de Lugo, organizada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.
- 1999, Concello de Lourenzá (Lugo).
- 1999, Instituto Cervantes de Lisboa (Portugal).
- 2000, H. Tryp María Pita, A Coruña (Galería Arte Imagen).
- 2001, Exposalnés, Cambados (Pontevedra).
- 2001, Sala «Xosé Rey Lago», Culleredo (A Coruña).
- 2001, Gravados na Sala de Arte da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña.
- 2001, Debuxo arqueolóxico medieval no IX Congreso Internacional da Asociación Hispánica de Literatura Medieval.
- 2001, Debuxo arqueolóxico no Congreso Internacional «La caza en la Edad Media» da Universidade de Valladolid.
- 2001, H. Egatur-Maia, Oporto, Portugal.
- 2002, a serie «**Praias da memoria**» no Pavillón de Estudiantes da Universidade da Coruña (Campus de Elviña).
- 2002, a serie «**Praias da memoria**» no Ateneo de Ferrol.
- 2004, a serie «**Praias da memoria**» en Portas Ártabras (A Coruña) que incluiu unha



homenaxe a Luisa Villalta a cargo de: Xulio Valcárcel, Carlos Pereira, Esther Souto, Carlos Ramos e Alfredo Erias.

«Xente no Camiño» (mostra itinerante, patrocinada e organizada en orixe pola Deputación Provincial da Coruña desde o 2005), foi amosada en: Betanzos, Padrón, Arzúa, Outes, Noia, Monfero, Vimianzo, Muros, Cariño, Santa Comba, Culleredo, Pontedeume, **BRUXELAS (Parlamento Europeo, outubro 2006)**, Namur (Bélxica), Centro Galego de Bruxelas, **PAZO DE FONSECA** (Santiagoado, do 21 de decembro de 2006 ó 25 de xaneiro de 2007), Malpica, Muxía, Foz, Tui, **CASTELO DE SOUTOMAIOR** (Pontevedra), Vilalba, Xardín Botánico de Culleredo (2010).

Participou tamén en máis de trinta mostras colectivas, moitas delas co «**Grupo Crise**».

Erigo
x-2011



Abril 2011

Club del Mar de San Amaro

SALA DE EXPOSICIÓN AURELIO AGUIRRE

Exposición nº 027